Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*



TOMÁS VÁZQUEZ ROUCO, VECIÑO DE SAN PEDRO DE FRAMEÁN (MONTERROSO), É UN DOS MÁIS VETERANOS MÚSICOS DA BISBARRA. AOS 91 ANOS FAI REPASO DE TODA UNHA VIDA APEGADO AO SAXOFÓN EN BANDAS E ORQUESTRAS DA ULLOA

O ÚLTIMO DA LIRA

/ PABLO PARDO

O primeiro recordo que teño de Tomás é na tenda de fotografía do Carballeira. Tomás fotocopiaba a tamaño reducido partituras para colocalas na pinza de pasarrúas, e mentres ían saíndo da máquina el cantaba as melodías que estas portaban. Eu era só un neno, un aprendiz de tamborileiro, que ficou totalmente atónito ao ver como aquel home era quen de entoar todas aquelas pezas a partir de papeis cheos de puntiños e raias.

Tomás Vázquez Rouco naceu en La Habana, Cuba, en 1925. Con catro anos retornou a Galicia, acompañado dos seus tres irmáns. Desembarcou no porto da Coruña, onde, sen querelo, se converteu no protagonista dun rescate: no medio do balbordo e a emoción do desembarco caera á auga e tivo que ser rescatado por unha das persoas alí presentes. Despois de saír airoso deste incidente, trasladouse a vivir a San Pedro de Frameán xunto cos pais.

O seu primeiro contacto coa música ocorreu durante a Guerra Civil, cando comezou a asistir a clases con Eugenio Pereira, veciño de Podente, integrante e director da Banda A Lira de Monterroso. «Era un gran trompetista que chegou a tocar na Banda Municipal de Lugo», explícame Tomás na súa casa de San Pedro o pasado agosto. Nas tardes de inverno, as leccións remataban xa con noite.









De arriba a abaixo:

1. Pasarrúas da Lira (1948 aprox.), encabezada por D. Moisés Davia Soriano. Tomás é o saxo da fila da dereita.

2. Orquestra Liceo no baile do Francisco. De esquerda a dereita, Tomás no saxo alto, o *Flautas* de San Pedro na batería, Serafín no micro, Mosquerilla de Olveda na trompeta, acordeonista descoñecido, Gandoi no Trombón, e José Ramón, o irmán de Tomás, no saxo tenor

3. Orquestra Liceo: de esquerda a dereita, o *Flautas*, José Ramón, Serafín; detrás, na trompeta o Moscarilla de Olveda, Tomás, o *Caixa* da Lucencia e Suso de Balbino

4. Orquestra Mambo, formada por músicos de Monterroso, Vázquez Rouco entre eles, e mais de Lugo

Persoeiros:
Tomás Vázquez Rouco

Para volver de Monterroso a Frameán, os seus irmáns íano buscar e axudábanlle a escorrentar o medo que lle daba o escuro camiño de Cerdeiriños.

Unha vez aprendeu os mecanismos do pentagrama, a linguaxe musical, Tomás escolleu como instrumento o saxofón alto, que o acompañará durante case toda a súa vida musical. Como mestre de instrumento, lembra aínda hoxe a varios músicos e directores da Lira: Balbino Negro, pai de Suso e Alfonso –quen serían seus compañeiros de atril durante anos–; o Teniente de San Lorenzo Gustavo Caramés e mais Higinio Cambeses. Segundo expón Enrique Alvarellos no seu libro *Bandas de Música de Galicia* (Editorial Alvarellos, 1986, Lugo), a banda A Lira de Monterroso constituíuse en 1890 e foi conducida por numeroso directores, comezando por Antonio Rojo, e continuando por José Oro Val, Balbino Negro e Eugenio Iglesias.

Aproximadamente contra 1940, Tomás incorporouse á banda baixo a batuta de Eugenio Iglesias Pereira. Ao pouco, este foi sustituido por Higinio Cambeses Carrera, compositor e director de Banda (Antas, A Lama, 1900 – Compostela, 1949), autor de numerosísimas obras para banda de música, entre as que salienta a célebre *A noite do Santo Cristo*. Tomás di del que «era un gran músico». «Coñecía ben ós músicos que dirixía, escribía os papeis para que cada un tocásemos o que podiamos», continúa, «facía lucir os mellores, disimulando aos máis novos con notas longas e ao final saíanlle unhas músicas de moito carallo».

En 1947, tomou o relevo na dirección da banda Moisés Davia Soriano (Chinchilla de Monte, Aragón, 1922 – Madrid, 1994), director e compositor de gran sona, que máis tarde dirixiría a Municipal de Santiago de Compostela, a Banda Municipal de Jerez de la Frontera, a Municipal de Alicante e mais a Banda Municipal de Madrid. Autor de numerosas obras para banda e para banda e coro, tales como pasodobres e marchas, era este don Moisés un director de enorme prestixio... «Aínda non sei como farían os de Monterroso para poderlle pagar a un músico de tal categoría», afirma Tomás, quen fai memoria: «Ao cabo do ano de entrar el dirixir a banda, levounos a Lugo a un concurso e déronnos o segundo premio, despois da Banda de Alongos. A xente non o cría, cómo nun pobiño pequeno como era Monterroso tiñamos unha banda que soaba tan ben». Da nosa conversa despréndese que Davia Soriano consideraba a Tomás un dos puntais fundamentais da banda. «Él remexeu alí con Pepe da Ferrería,

que era o alcalde, e non sei como fixeron pero libráronme de facer o servizo militar para que quedara tocando na banda», relata, «o carallo foi que despois me quixen presentar as probas para entrar na Banda da Mariña e non puiden, por non ter feito o servizo».

Coa marcha de Don Moisés, A Lira desapareceu. Canda el marcharon tamén para Madrid Manuel Gato Soengas, un dos grandes músicos monterrosinos e íntimo amigo do noso protagonista, e que despois da Lira de Monterroso foi tuba principal e subdirector na Banda da Policia Armada de Madrid e na de Yescas (Toledo). Outros compañeiros continuaron os estudos musicais, por exemplo José Montes Vila –saxo na Lira–, que rematou como mestre de fagot no conservatorio de Donostia. De todos os xeitos, estas non foron as causas principais da desaparición da Lira, desvela Tomás. Para o músico de Frameán, a aparición das orquestras, formacións máis pequenas e de maior viabilidade económica, resultou decisiva.

A DURA VIDA DE ORQUESTRA EN ORQUESTRA

Tomás fala agora de Ramiro de Castro: «Vivíu na casa do Piñeiro, onde a Feira de Santa Lucía. Érache un artista, cantaba, tocaba a batería e tamén unha gaita de fol, arranxaba moitas festas porque se levaba moi ben cos curas. Montou unha orquestra con algúns músicos de Lugo que viñan igual ca el da Orquesta Vélez, e mais nos levou a sete ou oito de Monterroso. Fomos o *Flautas* de San Pedro, os irmáns Suso e Alfonso de Balbino, o Teniente de San Lorenzo, Adolfito do Pinturero, o Gandoi e mais eu. Chamouse Orquestra Mambo». Máis tarde, a sección monterrosina da Mambo –Suso e Alfonso de Balbino, o Moscarilla de Olveda na trompeta, o *Caixa* da Lucencia, o irmán de Tomás (José Ramón)– monta a Orquestra Liceo. Este novo proxecto non só lles deu moito traballo, pois fixeron festas e festas por toda a contorna, senón tamén moitas satisfaccións a nivel musical e de compañeirismo.

«Dunha volta estabamos tocando na festa en Fente. A xente bailaba o *suelto* e estabamos todos pasándoo ben. Vaise o Luciano do Zapateiro, que era un caralleiro de coidado, e deulle por coller unha abaloira e chimpar a ristra de luces. Das de carburo, eh!, que eran as que se usaban para iluminar a festa...», relata, «mira, armouse unha escaramuza do demo, a xente alí a berrar e a tocarlles ás mulleres onde

non se debía... O cabo de Santa Cristina mandounos parar de tocar, e houbo quen se enfadou porque non quería que se desfixese a festa. E nestas, o Enrique do Vila Pequeno, non sei como fixo, vai e róuballe a pistola ó guardia. Ao final acabamos uns cantos no cuartel en Monterroso».

A Orquestra Liceo fíxose unha habitual do concurridísimo Baile do Francisco, onde tocaban case todos os domingos e os días de feira. Pola Noitevella, no Casino, «facíanse uns bailes que mancaban». «Trouxemos varios cantantes para o conxunto», continúa, «algún ata veu de Lugo. Pero o mellor de todos e o que máis tempo botou foi o Serafín, ese si que cantaba ben, sabía todas as que saían pola radio».

Cando lle pregunto a Tomás se facían moitos cartos tocando, responde cun relato da difícil realidade dos músicos: «Bah, unha miseria, mira... habíache aquí en San Pedro un coxo portugués que ía ás festas onde había santuarios importantes, ese si que gañaba cartos. Poñíase alí á saída da Igrexa sentadiño nunha manta ensinando a perna eivada e a xente botáballe cartos. Dunha volta, na festa da Folladela, aló no alto de Melide, botouse unha treboada de auga criminal de repente... Buhh, tivemos que parar de tocar e poñernos ao cuberto. A xentiña toda pasaba por onde o cego e ao velo alí molladiño veña a botarlle cartos... Xuntou unha man deles grandísima. Despois xuntouse con nós na taberna e eu aínda lle axudei a contar neles e levaba un ferrado de cartos, máis dos que levabamos toda a orquestra xunta».

A SÚA EXPERIENCIA AO SERVIZO DA NOVA LIRA

Logo da desaparición da Orquestra Liceo, Tomás volveu ás bandas de música. Tocou na de Antas e mais na Banda Municipal de Chantada durante 7 anos. Xa nos anos 90, algúns veciños de Monterroso, como o Louzao, o Romerías, Armando o carniceiro, o Luciano ou o Roque, conformaron a xunta directiva dunha asociación co propósito da creación dunha banda de música, confiándolle a batuta a Manuel Gato, que daquela dirixía a Banda de Sarria. No proxecto participou desde o principio Tomás, canda os seus compañeiros de vello Suso e Alfonso de Balbino. A banda colleu o nome de Nova Lira, en lembranza da histórica Lira.

A Nova Lira serviu para que as novas xeracións monterrosinas recibiran formación e unha experiencia musical inesquecible, na que



Banda Nova Lira (1996) dirixida por Manuel Gato Soengas. Tomás é o oitavo pola dereita na fila de arriba.

os máis cativos aprendían non só do mestre e director, senón tamén dos músicos máis veteranos como Tomás. Do mesmo xeito que el aprendera de Eugenio Pereira ou do Teniente de San Lorenzo na vella Lira. Moitos daqueles rapaces, que se iniciaron á música na banda, son hoxe músicos e docentes, como Marcos Mariño, Eloi Porto ou Nuria do Calabrán. Recordán a Tomás como aquel home tranquilo e afable que viña aos ensaios co saxo montado no seu tractor Barreiros. Garda Tomás un especial recordo do «fillo do Roque», Marcos Mariño, de quen conta: «Xa eramos vellos e estabamos o Gato e mais eu á saída da Igrexa e subía cara arriba a Banda de Muimenta, de cara ao templete. Cando saímos só a escoitabamos, pero eu xa lle dixen o Gato 'ese non é tocar de ningún de Muimenta, ese é o Marcos».
E, efectivamente, Mariño tocaba aquel día de reforzo ca Banda de Muimenta.

Con máis de 90 anos, Tomás, o último da Lira, aínda hoxe non dubida á hora de nomear as súas pezas favoritas: «E cales van a ser? pois as que teñen solos de saxofón, eses pasodobres *Agárrate Saxo* ou *En er mundo*, moitas voltiñas lles din».

¶

MATERIAIS

Conversas con Tomás Vázquez Rouco (Frameán, agosto do 2016).

Fotografías antigas do arquivo privado da familia Vázquez Silva.

Fotografía da Banda Nova Lira (Foto–video Carballeira).

Persoeiros:
Tomás Vázquez Rouco

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017